

PACTO ESTATAL
POLA SOBERANÍA ALIMENTAR, A EDUCACIÓN AMBIENTAL E A SOSTENIBILIDADE DO
TERRITORIO.

Estratexia 2015-2030

Reunidos/as en Granada con motivo das "I XORNADAS FEDERACIÓN INTERVEGAS: Estratexia 2015-2031. Para a Soberanía Alimentar e Defensa do Territorio: Protección e Dinamización dos Territorios Agrarios", os colectivos asinantes deste pacto acordan iniciar a recuperación dos espazos agrarios de alto valor cultural dende os principios da soberanía alimentar, a co-evolución e a sustentabilidade dos Territorios Agrarios Históricos (en adiante TAH).

Conscientes dos valores agrarios, culturais, educativos, paisaxísticos e ambientais dos TAH, así como do deterioro e desnaturalización aos que se atopan sometidos, do seu papel como soporte da identidade patrimonial e a da súa contorna, así como do seu potencial como fonte de riqueza e emprego, **acordan** colaborar para promover e executar o seguinte **decálogo de medidas que afectarían aos TAH**:

1.- Protección e adaptación normativa. Instar a quen teña atribuídas as competencias na materia que realicen os cambios normativos necesarios para iniciar unha clasificación agroambiental dos TAH e a protección dos seus solos fronte a calquera outro uso non compatible coa actividade agraria, e iniciar os procesos para recuperar os espazos degradados destes territorios. Para iso, propóranse medidas lexislativas en todos os ámbitos das administracións públicas.

2.- Dinamización da actividade agraria. É imprescindible que se adopten **medidas** que favorezan os canais curtos e outras vías complementarias, así como a valoración dos produtos dos TAH, procurando que se incremente progresivamente a introdución das mellores prácticas para unha alimentación máis saudable. Consideramos necesario diversificar os cultivos e unhas formas de produción máis sustentables. Estas actuacións deberán incluír a **innovación** que faga viable e dignamente remunerada unha actividade agraria máis agroecolóxica; o **apoio técnico** á agrupación de produtores e produtoras, así como para a comercialización conxunta e, no seu caso, as medidas fiscais que permitan exercer esta actividade en condicións de rendibilidade e legalidade. Ademais, **fomentaranse cultivos de interese social e mercados de produtos locais**, tanto de carácter temporal como estables.

3.- Recoñecemento do papel dos labregos e labregas. Nos TAH os principais actores son os homes e mulleres que se adican á agricultura, á gandería por conta propia ou allea, e que viven delas. Estes colectivos e os seus representantes serán obxecto de recoñecemento e protagonismo na vida social e produtiva. Para iso, deben materializarse axudas dirixidas á profesionalización do sector, considerando o beneficio social que supoñen estes actores e a súa actividade para a comunidade en particular e a sociedade en xeral en relación a:

- A capacidade para a produción de alimentos e materias primas.
- A creación, conservación e rexeneración de paisaxes, sendo deste modo un soporte indispensable na protección e defensa medio ambiental e na produción agropecuaria sostible.
- A xeración de autoemprego e a creación de postos de traballo.
- A creación dun tecido produtivo e de transformación dos produtos destes territorios *in situ*, especialmente de forma artesanal e fomentando o cooperativismo.

Todos os colectivos que subscriben este Pacto comprométese a realizar iniciativas para recuperar e transmitir o coñecemento do manexo do territorio e das prácticas agropecuarias:

4.- Impulso e financiamento para a recuperación dos TAH. O ciclo integral da auga, a mobilidade sostible, a axuda na reconversión agroecolóxica dos cultivos, a formación de novas e novos labregos e gandeiros, o plan de comercialización e calquera outra iniciativa de produción, transformación e promoción agropecuaria, que teña como **obxectivo** facer dos TAH auténticas despensas sostibles, á vez que fontes de emprego e riqueza, **serán** de vital consideración para o seu impulso e financiamento.

5.- Os TAH e os seus valores históricos.

5.a. As administracións correspondentes actualizarán o catálogo de bens patrimoniais destes territorios, cun plan de recuperación e dinamización. O uso preferente destes bens será o produtivo agrario.

5.b. No marco lexislativo correspondente, deberá elaborarse un **Plan Estratéxico de xestión e desenvolvemento sostible para a definición e manifestación dos valores dos TAH** que permita sintetizar as súas sinais de identidade a través da proxección dos seus recursos (patrimoniais, culturais, xeográficos, agrarios, naturais, urbanísticos, etc.) e a implicación dos seus habitantes, que sirva de elemento de diálogo entre administracións e cidadáns para deseñar plans de desenvolvemento feitos a medida das persoas que a habitan e que, ao mesmo tempo, sirva de referencia de integración coa conrona rural para situarse fronte a públicos externos como hábitat de calidade, aberto e orientado a preservar a súa actividade produtiva, o entorno paisaxístico e mellorar a calidade da vida dos seus cidadáns.

6.- Mantemento e preservación da estrutura territorial. Os ríos, as acequias e os camiños destes territorios son elementos que vertebran o territorio. A súa recuperación, correcta sinalización, mantemento e preservación serán obxecto de programas específicos que harmonicen os seus valores de uso cos ambientais. As actuacións integrais nestes elementos serán prioritarias sobre outras da mesma natureza.

7.-TAH e Educación (incluída a Formación Profesional Inicial e a Permanente, así como os Programas de Educación sobre biodiversidade, produción sostible e conservación medio ambiental). As diferentes administracións públicas colaborarán para lograr un completo programa de actividades formativas para cada curso escolar en relación cos TAH, que estableza programas de inserción laboral para garantir un axeitado relevo xeracional e que contribúa á necesaria sensibilización, coñecemento e valoración da actividade agropecuaria e os TAH. Dotarase aos centros educativos de materiais didácticos e crearase o premio educativo estatal, con carácter anual, “*Mellor experiencia educativa en relación aos TAH*”.

8.- Incorporación dos produtos dos TAH en circuitos curtos de consumo, distribución e comercialización. Adoptar medidas para fomentar a comercialización directa dos produtos dos TAH nos mercados e, en especial en mercados labregos que supoñan puntos de venda directa aos consumidores/as, especialmente nas cidades e núcleos de poboación destes TAH. Adoptaranse as medidas normativas necesarias para favorecer que nos **comedores urbanos e, especialmente, nos comedores escolares, os dos hospitais, os de carácter social e asistencial** e en todos aqueles que dependan das administracións públicas, sexan ofrecidos produtos procedentes dos TAH de proximidade.

9.- Difusión dos valores dos TAH á cidadanía en xeral. Campañas de información, concienciación, promoción e sensibilización. Xa que só se ama e se consume o que se coñece, os asinantes acordan **incluir** nos seus discursos, campañas e axendas a defensa dos valores destes territorios.

10.- Creación dun Consello Estatal para a rede dos TAH. Para a consecución destes obxectivos ínstase á creación, dentro dos organismos con competencias en Agricultura, do Consello Estatal da Rede de TAH, que será integrada no Observatorio Europeo da Agricultura Periurbana.

Para asegurar a soberanía alimentaria, os Territorios Agrarios Históricos son necesarios.

Outro desenvolvemento do territorio é posible.

En Granada, sábado 14 de novembro de 2015.

Fdo: Isabel Villalba Seoane
Secretaría Xeral do Sindicato Labrego Galego



Estratexia 2015-2030. “O sector primario, o primeiro”

ANEXO SOBRE "O PACTO ESTATAL POLA SOBERANÍA ALIMENTAR, A EDUCACIÓN AMBIENTAL E A SOSTENIBILIDADE DO TERRITORIO. Estratexia 2015-2030"

Sen menoscabo doutras consideracións, este Pacto, consecuencia dun acordo nas I Xornadas Federación Intervegas, 13 e 14 de novembro en Granada, reúne un sentir sobre a necesidade de establecer mecanismos de protección de Territorios que Historicamente veñen sendo Agrarios e que por circunstancias varias, todas elas imbuídas dunha acción antrópica contraria á súa preservación, vense ameazados.

En consecuencia, este Pacto nace da necesidade de protexer, planificar, desenvolver e xestionar os Territorios Agrarios do Estado. Por iso, a súa pretensión proactiva leva a expor unha dinámica de traballo para concitar das administracións públicas a adopción de políticas na consolidación da actividade agraria e no recoñecemento profesional e social de quen a fan posible (labregos e labregas, investigadores/as e técnicos/as agrarios)

Así pois, para establecer un fondo compartido e recabar o maior apoio neste decálogo, tivéronse en conta cantas achegas nos foron chegando e foron consensuadas. Así mesmo, os seguintes documentos que se relacionan serviron, na súa consideración, como elementos de información e, en ocasións, de vertebración dos puntos que configuran este Pacto. Igualmente poderán ou deberán ser considerados, sen ser vinculantes, para os futuros desenvolvementos do Pacto.

Os documentos referenciados son:

-Dictamen NAT/204-CESE 1209/2004 "La agricultura periurbana" do Comité Económico e Social Europeo (en adiante CESE), do 16 de setembro de 2004, en Bruselas.

Sobre:

- O condicionamento das contornas urbanas na actividade produtiva dos territorios agrarios periurbanos.
- A consideración de que a actividade agraria é máis que unha actividade simplemente económica. "SEN AGRICULTURA NON PODE EXISTIR PAISAXE AGRARIO"
- A consideración sobre a agricultura profesional e outras actividades complementarias nestes espazos para a súa preservación en todos os sentidos.
- A necesidade do recoñecemento social, político e administrativo destes espazos agrarios.
- A necesidade da preservación, consolidación e/ou recuperación destes espazos agrícolas por medio do impulso dende as administracións dunha axeitada lexislación e unha axustada planificación e ordenación, todo iso como fundamento práctico do necesario recoñecemento social e político de todo isto, tanto dende un punto de vista conceptual como emocional.
- A necesidade dun desenvolvemento dinámico e sostible da actividade agraria destes territorios dende redes de cooperación, xerando 'entes de participación e de xestión'.

-"Carta de la Agricultura periurbana, para la preservación, la ordenación, el desarrollo y la gestión de los espacios agrarios periurbanos" subscrita polas organizacións Parc Agrari del Baix Llobregat, a Fundación Agroterritori e Red Agroterritorial, en Casteldefells en setembro de 2010.

-“Pacto por la Vega de Granada 2015”, suscrito por Salvemos la Vega, VegaEduca, as organizacións sindicais UGT Y CCOO, as agrupacións de Agricultores/as e Gandeiros/as, ASAJA, COAG e UPA, los partidos políticos, PSOE, PP, IU, C's, PODEMOS e UPyD.

-“Milan Urban Food Policy Pact” (Pacto de política alimentaria urbana de Milán) de 15 de outubro de 2015.